

# **Convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, Armadores de Burela S.A., Organización de Productores Pesqueros de Lugo e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas**

Santiago de Compostela, cinco de xuño de dous mil dezanove

## **REUNIDOS**

Dunha parte, dona Carmen Pomar Tojo, conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Armadores de Burela S.A., segundo consta no poder outorgado ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da Organización de Productores Pesqueros de Lugo, segundo consta no poder outorgado ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_, segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Pesquerías Muínelo, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Perla del Masma, C.B., segundo consta nas escrituras outorgadas ante o notario don \_\_\_\_\_ con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Eiroa Couto S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Madre Querida, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante a notaria dona \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, dona \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Sombriza, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Galiana Armadores, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Pesquerias Abrela, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Pesca Norte Breogán, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_ en nome e representación da empresa Bresos Pesca S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, dona \_\_\_\_\_ e don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Pesca Reliño, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, dona \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Pesqueras Canoura, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Basanta Fra Hermanos, C.B., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_ e don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Pastor Nauta, C.B., segundo consta no documento de constitución con data \_\_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Pesquerías Breogan, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Pesquerías Martínez Quelle, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

E doutra parte, don \_\_\_\_\_, en nome e representación da empresa Hermanos Galdo, S.L., segundo consta na escritura outorgada ante o notario don \_\_\_\_\_, con data \_\_\_\_\_ e número de protocolo \_\_\_\_.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas,

## **EXPOÑEN**

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5°. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, as empresas e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e as empresas colaboradoras.

6°. Que as empresas coordinadas por Armadores de Burela S.A. e Organización de Productores Pesqueros de Lugo; González Neira, C.B., Pesquerías Muinelo, S.L., Perla del Masma, C.B., Eiroa Couto S.L., Madre Querida, S.L., Sombriza, S.L., Galiana Armadores, S.L., Pesquerías Abrela, S.L., Pesca Norte Breogán, S.L., Bresos Pesca S.L., Pesca Reliño, S.L., Pesquerías Martínez Quelle, S.L., Pesquerías Canoura, S.L., Basanta Fra Hermanos, C.B., Pastor Nauta, C.B., Pesquerías Breogan, S.L., Pesquerías Martínez Quelle, S.L. e Hermanos Galdo, S.L., en diante “as empresas asinantes”, están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coas empresas e non poderá establecerse entre estas e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7°. Que o presente convenio integra varias empresas relacionadas co sector pesqueiro, e que, dentro do contexto dos dereitos e das obrigas dimanantes deste convenio de colaboración, as prazas de formación profesional dual experimental que se ofrecen nel poderán radicarse en calquera das empresas coordinadas por Armadores de Burela S.A. e Organización de Productores Pesqueros de Lugo, sen ningún tipo de limitación xeográfica.

8°. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, Armadores de Burela S.A., Organización de Productores Pesqueros de Lugo e as empresas asinantes para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas asinantes e no centro educativo IES Universidade Laboral de Culleredo.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

## CLÁUSULAS

**Primeira.** Este proxecto de formación profesional dual ten carácter experimental e ten as seguintes características:

- a. Cada proxecto toma como referencia un dos currículos oficiais implantados na Comunidade Autónoma de Galicia establecidos polos seguintes decretos:
  1. Decreto 191/2013, de 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Mantemento e Control de Maquinaria de Buques e Embarcacións.
  2. Decreto 194/2013, de 27 de decembro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Navegación e Pesca de Litoral.
- b. Terá como duración desde o 15 setembro de 2019 ata o 31 de agosto de 2021.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos nos currículos dos ciclos formativos correspondentes e a obtención do título de técnico.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarse ata un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para

reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será de ata o 5 %.

**Segunda.** As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de Mantemento e Control de Maquinaria de Buques e Embarcacións e de Navegación e Pesca de Litoral (distribución da formación curricular do ciclo formativo e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

**Terceira.** As empresas asinantes comprométese a acoller nas súas instalacións o número de alumnos e alumnas que para cada ciclo formativo e distribución que se establece no anexo. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

As empresas asinantes colaborarán coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. As empresas comunicarán ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal das empresas xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que as empresas se comprometen a acoller nas súas instalacións.

**Cuarta.** As empresas asinantes comprométese a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. As empresas asinantes achegarán a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 600 euros, durante os meses nos que a actividade formativa e profesionalizadora se realice integramente nas empresas. Tomando como referencia este importe, o resto dos meses o importe calcularase de xeito proporcional ao tempo que o alumno ou alumna dedique á actividade profesionalizadora nas empresas.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto-lei 28/2018, do 28 de decembro. A

consequente afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.

- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolsseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

**Quinta.** O alumnado adquirirá a formación no centro educativo, segundo a temporalización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

**Sexta.** A estadía do alumnado nas empresas axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo nas empresas, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral das empresas, reservándose recepcións periódicas do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

**Sétima.** O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións en cada un dos cursos de duración do proxecto. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar, cando menos, o mínimo establecido, que determinarán as empresas no período de estadía do alumnado nelas.

**Oitava.** Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa nas empresas e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

As empresas asinantes nomearán unha persoa como titor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como titor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así



como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Ademais, esta persoa será a interlocutora coas empresas para o desenvolvemento do proxecto.

**Novena.** Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa en quen delegue.
- A persoa titular da dirección do centro IES Universidade Laboral de Culleredo.
- O profesor titor ou profesora titora do centro educativo.

Unha persoa representante de cada empresa asinante.

Unha persoa representante da empresa Armadores de Burela S.A. e outra da Organización de Productores Pesqueros de Lugo.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional actuarán como secretario ou secretaria.

**Décima.** O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

**Décimo primeira.** Este convenio extinguirase por finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar ás outras cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou das empresas.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e as empresas.

**Décimo segunda.** A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso dos interesados á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

**Décimo terceira.** Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

Con respecto da protección de datos, as empresas comprométense a respectar a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional**

**Asdo.: Carmen Pomar Tojo**

**A representante da empresa Armadores  
de Burela S.A.**

**O representante da Organización de  
Productores Pesqueros de Lugo.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**A representante da empresa González  
Neira, C.B.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante da empresa Pesquerias  
Muínelo, S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante das empresas Perla del  
Masma, C.B.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante da empresa Eiroa Couto  
S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante da empresa Madre  
Querida, S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante da empresa Sombriza,  
S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_



**XUNTA  
DE GALICIA**

**O representante da empresa Galiana  
Armadores, S.L.**

**O representante da empresa Pesquerias  
Abrela, S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante da empresa Pesca Norte  
Breogán, S.L.**

**O representante da empresa Bresos Pesca  
S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante da empresa Pesca Reliño, S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**Asdo.:** \_\_\_\_\_



**XUNTA  
DE GALICIA**

**O representante da empresa Pesqueras  
Canoura, S.L.**

**O representante da empresa Basanta Fra  
Hermanos, C.B.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**Os representantes da empresa Pastor Nauta, C.B.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante da empresa Pesquerías  
Breogan , S.L.**

**O representante da empresa Pesquerías  
Martinez Quelle, S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

**O representante da empresa Hermanos  
Galdo, S.L.**

**Asdo.:** \_\_\_\_\_

# 1. ANEXO

## 1.1 Distribución de postos de formación por ciclo

Empresa	Nº de prazas
Mantemento e Control de Maquinaria de Buques e Embarcacións	12
Navegación e Pesca de Litoral	12
<b>Total</b>	<b>24</b>

## 1.2 Grao medio en Mantemento e Control de Maquinaria de Buques e Embarcacións

### 1.2.1 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
González Neira, C.B.	1
Pesquerías Muínelo, S.L.	1
Perla del Masma, C.B.	1
Eiroa Couto S.L.	1
Madre Querida, S.L.	1
Sombriza, S.L.	3
Galiana Armadores, S.L.	1
Pesquerías Abrela, S.L.	1
Pesca Norte Breogan, S.L.	1
Breso Pesca S.L.	1
<b>Total</b>	<b>12</b>



## 1.2.2 Distribución da formación curricular do ciclo formativo

Duración do proxecto		Curso 2019-2020	Curso 2020-2021	FCT	
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (52 %)	549 h	498 h	-
	Empresa	Formación na empresa (48 %)	301 h	242 h	410 h
<b>Total</b>			<b>2.000 h</b>		

FCT: formación en centros de traballo.

## 1.2.3 Temporalización dos módulos profesionais

### 1.2.3.1 Curso 2019-2020

#### Planificación

Curso 2019-2020												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo						Actividade profesionalizadora / formación na empresa						

#### Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP1032	Seguridade marítima	157	157	0
MP1033	Atención sanitaria a bordo	53	53	0
MP1172	Mantemento da planta propulsora e maquinaria auxiliar	240	135	105
MP1173	Procedementos de mecanizado e soldadura en buques e embarcacións	240	139	101
MP1175	Mantemento das instalacións e máquinas eléctricas en buques e embarcacións	160	65	95
<b>TOTAL</b>		<b>850</b>	<b>549</b>	<b>301</b>

### 1.2.3.2 Curso 2020-2021

#### Planificación

Curso 2020-2021												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo						Actividade profesionalizadora / formación na empresa						

#### Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0156	Inglés	160	140	20
MP1174	Regulación e mantemento de automatismos en buques e embarcacións	175	110	65
MP1176	Instalación e mantemento de maquinaria de frío e climatización en buques e embarcacións	175	100	75
MP1177	Procedementos de garda de máquinas	70	28	42
MP1178	Formación e orientación laboral	107	80	27
MP1179	Empresa e iniciativa emprendedora	53	40	13
<b>TOTAL</b>		<b>740</b>	<b>498</b>	<b>242</b>





## 1.2.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

### Cualificacións profesionais completas

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Operacións de control do funcionamento e do mantemento da planta propulsora, as máquinas e os equipamentos auxiliares do buque, MAP592_2 (Real decreto 1033/2011, do 15 de xullo), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1949_2: verificar e manter os parámetros de funcionamento da planta propulsora do buque e as súas máquinas auxiliares.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1950_2: realizar operacións de mantemento de equipamentos e elementos inherentes á situación do buque en seco.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1951_2: manexar e manter no buque os sistemas automáticos de control.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1952_2: manexar e manter as instalacións eléctricas do buque.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1953_2: manexar e manter as instalacións e os equipamentos frigoríficos e de climatización do buque.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1954_2: desenvolver actividades relacionadas coa seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0808_2: comunicarse en inglés a nivel de usuario/a independente, no ámbito do mantemento naval, a seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Mantemento da planta propulsora, as máquinas e os equipamentos auxiliares de embarcacións deportivas e de recreo, TMV555_2 (Real decreto 562/2011, do 20 de abril), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0132_2: manter o motor térmico.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0133_2: manter os sistemas auxiliares do motor térmico.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1835_2: montar e manter os sistemas de propulsión e goberno, e os equipamentos auxiliares de embarcacións deportivas e de recreo.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1836_2: montar e manter os sistemas de abastecemento de fluídos e servizos de auga de embarcacións deportivas e de recreo.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1837_2: manter e instalar os sistemas de frío e climatización de embarcacións deportivas e de recreo.</li></ul>

### Cualificacións profesionais incompletas

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Mantemento e instalación de sistemas eléctricos e electrónicos de embarcacións deportivas e de recreo, TMV554_2 (Real decreto 562/2011, do 20 de abril):</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1831_2: manter e instalar os sistemas de xeración e acumulación de enerxía eléctrica, e os motores eléctricos de embarcacións deportivas e de recreo.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1832_2: manter e instalar os sistemas de distribución e os circuitos de corrente eléctrica de embarcacións deportivas e de recreo.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Mantemento dos equipamentos dun parque de pesca e da instalación frigorífica, MAP573_2 (Real decreto 885/2011, do 24 de xuño):</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1891_2: efectuar os labores de mantemento dos equipamentos que compoñen a instalación frigorífica do parque de pesca.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1892_2: manter e reparar os equipamentos mecánicos do parque de pesca, actuando segundo as normas de seguridade e emerxencia.</li></ul>

## 1.3 Grao medio en Navegación e Pesca de Litoral

### 1.3.1 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Pesca Reliño, S.L.	1
Pesquerias Martinez Quelle, S.L.	1
Madre Querida, S.L.	1
Sombriza, S.L.	3
Pesqueras Canoura, S.L.	1
Basanta Fra Hermanos, C.B.	1
Pastor Nauta, C.B.	1
Pesquerias Breogan, S.L.	1
Hermanos Galdo, S.L.	1
Breso Pesca S.L.	1
<b>Total</b>	<b>12</b>

### 1.3.2 Distribución da formación curricular do ciclo formativo de grao medio en Navegación e Pesca de Litoral

Duración do proxecto		Curso 2019-2020	Curso 2020-2021	FCT	
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (50 %)	569 h	397 h	-
	Empresa	Formación na empresa (50 %)	357 h	240 h	410 h
<b>Total</b>			<b>2.000 h</b>		

FCT: formación en centros de traballo.

### 1.3.3 Temporalización dos módulos profesionais

#### 1.3.3.1 Curso 2019-2020

##### Planificación

Curso 2019-2020												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo						Actividade profesionalizadora / formación na empresa						



### Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP1027	Técnicas de navegación e comunicacións	213	120	93
MP1029	Pesca de litoral	210	60	150
MP1032	Seguridade marítima	157	157	0
MP1033	Atención sanitaria a bordo	53	53	0
MP1035	Técnicas de manobra	160	90	70
MP1036	Estabilidade, trimaxe e estiba do buque	160	116	44
<b>TOTAL</b>		<b>953</b>	<b>596</b>	<b>357</b>

#### 1.3.3.2 Curso 2020-2021

### Planificación

Curso 2020-2021												
set.	out.	nov.	dec.	xan.	feb.	mar.	abr.	maio	xuño	xullo	ago.	set.
Formación no centro educativo					Actividade profesionalizadora / formación na empresa							

### Organización dos módulos profesionais

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP0156	Inglés	160	140	20
MP1028	Procedementos de garda	105	35	70
MP1030	Despacho e administración do buque	107	63	44
MP1034	Instalacións e servizos	105	39	66
MP1037	Formación e orientación laboral	107	80	27
MP1038	Empresa e iniciativa emprendedora	53	40	13
<b>TOTAL</b>		<b>637</b>	<b>397</b>	<b>240</b>



### 1.3.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

#### Cualificacións profesionais completas

<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Navegación e pesca marítima, MAP591_2 (Real decreto 1033/2011, do 15 de xullo), que abrangue as seguintes unidades de competencia:</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1944_2: organizar as actividades administrativas do buque para o seu despacho.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1945_2: organizar e realizar as operacións de carga, estiba e manobra do buque.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1946_2: controlar a navegación e o rumbo do buque.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1947_2: organizar e realizar as operacións extractivas, e de elaboración e conservación das capturas.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC1948_2: organizar a seguridade, a supervivencia e a asistencia sanitaria a bordo.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Manipulación e conservación en pesca e acuicultura, MAP006_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, e actualizada no Real decreto 101/2009, do 6 de febreiro):</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0015_2: manipular e procesar os produtos da pesca e da acuicultura.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Navegación en augas interiores e próximas á costa, MAP171_2 (Real decreto 1228/2006, do 27 de outubro):</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0537_2: obter o despacho do buque e arranxalo a son de mar.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0538_2: organizar e realizar as operacións de manobra e carga do buque.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0539_2: efectuar a navegación do buque.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0540_2: organizar e controlar a seguridade, a loita contra incendios e as emerxencias a bordo.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Operacións en transporte marítimo e pesca de baixura, MAP170_2 (Real decreto 1228/2006, do 27 de outubro):</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0542_2: organizar e realizar as operacións extractivas e de conservación da pesca.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>▪ <b>Pesca local, MAP231_2 (Real decreto 101/2009, do 6 de febreiro):</b></li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0735_2: realizar o despacho do buque e a xestión de licenzas de pesca.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0736_2: realizar as operacións de manobra e carga do buque.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0737_2: realizar as operacións de navegación do buque.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0738_2: realizar as operacións extractivas e de conservación da pesca.</li></ul>
<ul style="list-style-type: none"><li>– UC0739_2: realizar as operacións en casos de emerxencias no mar.</li></ul>